

Historias que deixan pegadas nos nenos e nenas que veñen escoitalas

Pegadas de conto

Usar a literatura para traballar os contidos da aula

Todos os nenos séntense atraídos polo mundo dos contos e, por iso, pensamos que os educadores poden aproveitar ao máximo o potencial pedagóxico dos contos coas nosas **sesións de contacontos** para infantil.

Selección de contos:

- ✓ O libro dos porcos
- ✓ Os ovos misteriosos
- ✓ Aínda nada?

Duración: 45 min. aproximadamente

Aforo: máximo 50 nenos e nenas con dous educadores

Espazo:

- lugar illado acusticamente. Serve a biblioteca ou aula de psicomotricidade, pero non durante o recreo
- suficiente e cómodo para que os nenos e nenas senten no chan
- precísase unha cadeira sen brazos e un espazo libre de obxectos de aproximadamente un metro ao redor
- con toma de corrente (para poñer música de fondo)

Todo debe estar preparado antes da chegada da contacontos, unha media hora antes da sesión.

Proposta de traballo:

Os contos poden servir de motivación e introdución para abordar algún tema de Educación para a Cidadanía Global, a Solidariedade e o Desenvolvemento...

Podedes organizar a actividade, reflexión, expresión artística, etc. que os apeteza pero pregámosvos que as compartades connosco a través do correo importantos@importantos.org.



O libro dos porcos *autor Anthony Browne. Kalandraka Editora. Idioma: galego*

A señora Porcón vive co seu marido O señor Porcón e os seus fillos Miguel e Antón nunha fermosa casa cun fermoso xardín. Tódolos días a nai fai as tarefas da casa mentres os nenos e o marido descansan. Pero un día a señora Porcón cansa da situación marcha deixando unha nota que di ben claro SODES UNS PORCOS. E a partir desa nota comezan os cambios na casa dos señores Porcóns.

Anthony Browne (Gran Bretaña, 1946) é un dos autores máis importantes da literatura infantil e xuvenil con máis de 40 títulos publicados. Caracterízase polas súas ilustracións onde prima a cor e se ten un coidado especial polos detalles e a composición das escenas. É habitual atopar nas súas ilustracións os gorilas que rebordan humanidade e forza expresiva.

Outros títulos do autor que recomendamos: Cosita Linda (Fondo de Cultura Económica), Un gorila (Kalandraka Editora), Que tal estás? (Kalandraka Editora) e Sacapenas (Kalandraka Editora).

Contidos a traballar durante a actividade: A igualdade e os roles de xénero, a cooperación, a importancia de traballar en equipo, os coidados. A **pegada** que deixamos nas persoas coas que convivimos: amigos, profesores, familia.

Os ovos misteriosos *autoras Luísa Ducla Soares e Manuela Bacelar. Afrontamento Editora. Idioma: portugués*

A galiña e quere ter un pitiño e cansa de que a granxeira llos colla día si e día tamén busca un niño escondido. Entón sucede algo... aparécenlle ovos misteriosos de diferentes cores e tamaños que ela chocará e coidará como filliños.

Luísa Ducla Soares (Lisboa,) é unha figura clave da literatura infantil portuguesa. Publicou máis de 80 libros. Os seus personaxes principais son nenos e animais que actúan como humanos e protagonizan divertidas aventuras.

Contidos a traballar durante a actividade: Respetto á diversidade, as familias, os ovíparos. Posta en valor e respecto do diferente.

Aínda nada? *autor e ilustrador Christian Voltz*

Don Luís planta unha semente na terra e agarda un día tras outro, baixo a expectante mirada dun paxaro. Esperan que naza unha flor e día tras día acoden a cita e o desexo vai en aumento e a paciencia cada vez é menor ata que un día o paxaro atopa unha fermosa flor, córtaa e lévalla a súa namorada.

Christian Voltz (Estrasburgo, 1967) ilustrador, e director audiovisual. Estudou nun obradoiro de ilustración da Escola Superior Artes de Estrasburgo. Caracterízase polas súas orixinais ilustracións. En Aínda nada? As súas láminas están aderezadas co xogos tipográficos, combinadas con elementos en relevo, dos que destacan o aramio e os materiais reciclaxe. Animación en: <https://www.youtube.com/watch?v=UDWcwxh-7dQ>

Contidos a traballar durante a actividade: Reflexión sobre os cambios nos procesos de crecemento e etapas nun ser vivo. Consciencia do paso do tempo e das distintas estacións. Reflexión sobre a **pegada** que deixamos no medio natural que habitamos. O servizo aos demais.